



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Travesa de Basquiños 9, baixo - 15704 Santiago de Compostela
Correo electrónico: adega@adega.gal
Páxina electrónica: www.adega.gal
Tfne e fax: 981570099

Á FISCALÍA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALIZA

Sr. D. Fernando Suanzes Pérez
Fiscal Superior de Galiza
Praza de Galiza, S/N
Pazo de Xustiza, 1º andar
15071 A Coruña

Fins Eirexas Santamaría, con DI XXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) CIF 15044811 e domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, actuando en representación desta entidade quere poñer no seu coñecemento os seguintes feitos, que son obxecto de **DENUNCIA**:

FEITOS

1. As obras das centrais hidroeléctricas de Fervenza II, Ponte Olveira II e Novo Castrelo promovidas por Ferroatlántica S.L. que se están a desenvolver na bacía do río Xallas, concellos de Dumbría e Mazaricos, están a afectar negativamente a especies protexidas (vulnerábeis e en perigo de extinción segundo o Catálogo galego de especies ameazadas, en diante CGEA, aprobado polo Decreto 88/2007, do 19 de abril) e a hábitats de interese europeo e prioritario consonte a Directiva 92/43CEE, trasposta ao ordeamento xurídico estatal e galego por diversa normativa entre ela a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Achegamos como anexo un informe asinado por 11 investigadores e investigadoras das tres universidades galegas no que se detallan os impactos das anteditas obras sobre a biodiversidade protexida (flora vascular e comunidades vexetais ameazadas).
2. Polo que atinxe ás afeccións causadas polas obras das centrais hidroeléctricas de Fervenza II, Ponte Olveira II e Novo Castrelo nos hábitats e comunidades vexetais protexidas, estas son: (Os códigos de hábitat de interese comunitario corresponden ao Anexo I da Directiva 92/43 CEE; o asterisco * sinala aqueles cuxa conservación é considerada prioritaria)

-Hábitat 91E0*, bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*: afectado o bosque de ribeira da asociación vexetal *Senecio-bayonensis-Alnetum glutinosae*. Na central de Ponte Olveira II este bosque de ribeira foi destruído ao longo de 400 m lineais na marxe sur do Xallas; e na central de Novo Castrelo elimináronse 300 m lineais na mesma marxe do río.

-Hábitat 9230, carballeiras galaico-portuguesas de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*: afectada a asociación vexetal *Rusco aculeati-Quercetum roboris* por deforestación de máis de 10000 m² de carballeira nas obras da central de Ponte Olveira II, e outros 8000 m² na central de Novo Castrelo.

-Hábitat 4030, queirogais secos europeos: afectada a asociación vexetal *Ulici europaei-Ericetum cinereae*. Na contorna da central de Novo Castrelo foron destruídos máis de 4000 m² desta matogueira ao longo da ribeira norte do Xallas.

3. No tocante ás afeccións das obras ás especies protexidas (flora vascular) incluídas no CGEA e outras normas estatais (RD 1995/1997 de 7 de decembro, RD 1421/2006 de 1 de decembro), estas son:

-*Dryopteris aemula*, especie vulnerábel (VU) no CGEA: afectada pola destrución do sotobosque na zona da central de Ponte Olveira II –presenza confirmada- e na zona da central de Novo Castrelo –presenza altamente probábel-.

-*Dryopteris guanchica*, especie vulnerábel (VU) no CGEA: afectada pola deforestación do bosque de carballos na contorna da central de Ponte Olveira II –presenza confirmada- e de Novo Castrelo –presenza altamente probábel-.

-*Narcissus cyclamineus*, especie endémica vulnerábel (VU) no CGEA, afectado pola deforestación do bosque de ribeira ao longo do río Xallas nas obras das centrais de Ponte Olveira II e Novo Castrelo.

-*Isoetes fluitans*, especie endémica en perigo de extinción (EN) no CGEA: está presente no leito do Xallas no treito augas abaixo da central de Ponte Olveira. Resultará afectado polas modificacións no réxime do río derivadas da posta en funcionamento das centrais.

ANTECEDENTES

1. No ano 2002 Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formula as declaracións de efectos ambientais das centrais hidroeléctricas de Fervenza II (9 de abril de 2002), Ponte Olveira II (11 de abril de 2002) e Novo Castrelo (15 de abril de 2002).

Cómpre subliñar que estas instalacións seguiron un trámite ambiental ao abeiro do Decreto galego 327/1991 de 4 de outubro, de declaración de efectos ambientais de proxectos e non do Decreto 442/1990 de 13 setembro de avaliación de impacto ambiental. Deste xeito a tramitación ambiental destas tres instalacións foi máis sinxela e os requerimentos dos estudos de efectos ambientais (que a empresa Ferroatlántica S.L. presentou no ano 2000), así como os condicionados ambientais emitidos pola administración en 2002 foron menos rigorosos.

2. O 8 de xaneiro de 2004 o organismo autónomo Augas de Galicia resolveu aprobar, para a bacía do Xallas, as modificacións concesionais que implicaban ampliacións de caudal de 32.000 l/s para aproveitamento hidroeléctrico de Fervenza; de 35.000 l/s para o aproveitamento de Ponte Olveira e de 35.000 l/s para o de Castrelo, ampliacións destinadas a subministrar caudal aos novos aproveitamentos de Fervenza II, Ponte Olveira II e Novo Castrelo. Deste xeito o caudal detraído ao río Xallas por estes aproveitamentos incrementouse nun 200% aumentando a presión hidroeléctrica e a deterioración da calidade ecolóxica desta bacía, a máis intensamente explotada da demarcación de Galiza-Costa.
3. En xuño de 2005, poucos días despois das eleccións galegas nas que o PP saíu da Xunta e co goberno en funcións, o organismo autónomo Augas de Galiza aprobou os proxectos construtivos modificados dos aproveitamentos Fervenza II e Ponte Olveira II (21 de xuño) e Castrelo II –ou Novo Castrelo- (28 de xuño).
4. Tras o cambio de goberno na Xunta e a entrada do goberno bipartito a finais do verán de 2005, a consellaría de Medio Ambiente publica o Decreto 555/2005 de 10 de novembro, polo que se adoptan medidas provisionais en relación coa utilización do dominio público hidráulico. Estas medidas consistían basicamente na paralización da tramitación administrativa das solicitudes de aproveitamento hidroeléctrico até a revisión do Plano sectorial hidroeléctrico das bacías de Galiza-Costa. Excluíanse as concesións outorgadas con anterioridade á data deste decreto. O Decreto 555/2005 ficou derogado pola disposición derogatoria única do Decreto 1/2015, de 15 xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galiza. Pola súa banda, o Plano sectorial hidroeléctrico das bacías de Galiza-Costa aprobado mediante acordo do Consello da Xunta do 29 de novembro de 2001, segue en vigor malia a terse iniciado o trámite de revisión en 2009.
5. En maio de 2006 a sociedade Ferroatlántica, S.L. presentou os proxectos sectoriais de modificación dos aproveitamentos de Novo Castrelo (16 de maio), Ponte Olveira II e Fervenza II (22 de xuño).
6. En xullo de 2007 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas publica as resolucións polas que se aproban e autorizan os proxectos de execución dos aproveitamentos hidroeléctricos de Ponte Olveira II (17 de xullo), Fervenza II (19 de xullo) e Novo Castrelo (20 de xullo). Nestas resolucións fíxase un prazo de 24 meses para a execución das obras a partires das datas das resolucións (31 de maio de 2007 para os tres aproveitamentos).
7. En maio de 2009 venceu o prazo de dous anos dado en 2007 para a execución dos tres novos aproveitamentos no Xallas promovidos por Ferroatlántica S.L. sen que as obras foran executadas. Vencido este prazo e ante as informacións de que Ferroatlántica S.L. pretendía solicitar unha prórroga (cuestión esta da que non temos constancia documental, malia a telo solicitado en xullo de 2009 á Consellaría de Industria ao abeiro da Lei 27/2006 de dereito ao acceso á información, participación pública e a á xustiza en materia de medio ambiente) ADEGA solicitou en xuño de 2010 á Consellaría de Industria que iniciara os respectivos expedientes de extinción por causa de caducidade dos títulos concesionais dado o incumprimento das

cláusulas relativas aos prazos de execución das obras (artigo 66 do RDL 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas).

8. O 30 de maio de 2012 publícanse as resolucións do Consello da Xunta de 2 de febreiro de 2012 polo que se aproban os proxectos sectoriais de modificación dos aproveitamentos hidroeléctricos no río Xallas, saltos de Ponte Olveira II, Fervenza II e Novo Castrelo.
9. Finalmente en 2013 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas resolve declarar a utilidade pública das instalacións de aproveitamento hidroeléctrico das centrais de Ponte Olveira II e Novo Castrelo (26 de xullo) e Fervenza II (23 de setembro).
10. En 2014 comezan as obras dos tres novos aproveitamentos de Ferroatlántica S.L. no río Xallas, obras que nestes intres están en marcha e que teñen previsto rematar en 2016.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

1. Os estudos da afección ambiental destas instalacións (estudo de efectos ambientais) presentados por Ferroatlántica S.L. datan do ano 2000. Os 14 anos transcorridos entre a realización do estudo ambiental e o comezo das obras tradúcese nun desfase na metodoloxía de estudo, as fontes de información e os requerimentos actuais da lexislación ambiental.
2. En 2004 apróbase a proposta de espazos da Rede Natura 2000 de Galiza (Decreto 72/2004) consecuencia de trasladar ao ordeamento xurídico galego a protección dos hábitats e especies de interese europeo consagrados pola Directiva 92/43/CEE de Hábitats. E 10 anos despois, en 2014 apróbase Decreto 37/2014, de 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galiza e se aproba o Plano Director da Rede Natura 2000.
Se ben é certo que a área afectada polas obras das minicentrais non está incluída en ningún espazo da actual Rede Natura 2000, aínda que en 2008 a Xunta (governo bipartito) presentara unha proposta de ampliación (desbotada posteriormente polo PP) que incluía este treito do Xallas e a veciña Devesa de Anllares dentro da ZEC Carnota-Monte Pindo; consideramos que a presenza de hábitats e especies incluídas nos anexos da Directiva 92/43/CEE implica a necesidade de avaliar axeitadamente as afeccións das que poidan ser obxecto estes elementos protexidos da nosa biodiversidade.
No informe que acompaña a esta denuncia detállanse os danos a estes hábitats e especies de interese europeo incluídos nos anexos da Directiva 92/43/CEE.
3. O Decreto 88/2007, do 19 de abril que aprobou o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA) establece unha relación de especies de necesaria protección debido á súa rareza, grao de ameaza ou situación ecolóxica. Como expuxemos anteriormente e consta no informe que acompaña a esta denuncia asinado por investigadores e investigadoras das tres universidades galegas, as obras que Ferroatlántica S.L. está a desenvolver no Xallas para a construción dos 3 novos aproveitamentos hidroeléctricos, teñen causado graves danos a especies protexidas e

endemismos incluídos no CGEA tanto vulnerábeis como en perigo de extinción.

4. Finalmente non deixa de sorprendernos que ao longo dunha tramitación administrativa de máis de 14 anos, durante os cais os proxectos foron repetidamente modificados, ningunha das administracións con competencias na protección das augas e dos espazos naturais instara a revisión da avaliación dos impactos sobre os ecosistemas afectados e dos condicionados ambientais á luz da lexislación e a información científica máis actualizada.

Non faltaron ocasións nas que ecoloxistas e investigadores/as advertimos á administración dos danos irreversíbeis aos bens públicos que podían causar estas instalacións. Entendemos que este comportamento inhibitorio á hora de salvagardar o interese que a conservación destes hábitats e especies ten para a cidadanía, causou un grave prexuízo ao noso patrimonio natural.

E sobre todo resulta inconcebíbel que tendo a oportunidade de iniciar un procedemento de extinción das concesións por caducidade dado o incumprimento dos prazos de execución fixados nas autorizacións dos proxectos construtivos, a administración responsábel non só non actúe de oficio, senón que ignore as peticións de caducidade formuladas en base a dereito e autorice ao concesionario executar as obras 3 anos fóra de prazo.

Polo anteriormente exposto **SOLICITAMOS** desta Fiscalía que abra as pertinentes dilixencias informativas con vistas a concretar e eventualmente depurar as posíbeis responsabilidades penais derivadas dos feitos denunciados, nas que presuntamente poideran ter incorrido tanto empresa concesionaria, Ferroatlántica S.L. como aqueles responsábeis públicos que autorizaron ou supervisaron as actuacións denunciadas das que se derivaron os referidos danos aos elementos do patrimonio natural.

Compostela, 25 de agosto de 2015

Asdo.: Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SR FISCAL SUPERIOR DE GALIZA
TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALIZA**

ANEXO II. Reportaxe fotográfica

Obras da central de Ponte Olveira II

Obsérvese a deforestación innecesaria causada no bosque atlántico e no bosque de ribeira polas pistas e parques de maquinaria e a proliferación de invasoras.



Obras da central de Novo Castrelo

Obsérvese a deforestación causada na Devesa de Anllares polas obras de evacuación eléctrica, a eliminación do bosque de ribeira e a turbidez do río.

